



BUSQUEDA

Enviar unha denuncia Login

Buscar

PORȚADA | COMARCAS | DEPORTES | DENUNCIAS | PROGRAMA | ESQUELAS | O TEMPO | OPINIÓN | CONTACTO |

Avion | Beariz | Boborás | Cea | Leiro | Maside | O Carballiño | O Irixo | Piñor | Punxín | San Amaro

Do PSdeG sobre a execución dunha obra no concello do Irixo

17, Febreiro 2016

O voceiro do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, presentou recentemente un **REQUERIMENTO**, para que **ante a gravidade destes feitos, O SR. ALCALDE** requira á empresa adxudicataria para que, de forma inmediata, cumpra o contrato administrativo e o proxecto técnico das obras adxudicadas, procedendo á retirada e tratamento de tódolos residuos que están enterrados, depositados e espallados ladeira do monte abajo no entorno da obra da “Restauración Poza en área recreativa en Parada de Labiote”, e conforme ás melloras polas que se lle adxudicou o referido contrato, e se lle reclamen á empresa adxudicataria as compensacións oportunas polo incumprimento contractual no presente expediente, de non procederse á total retirada de tódolos residuos de dita obra, os visibles e os enterrados e non visibles no entorno, se procederá a dar conta ó Seprona e demáis autoridades competentes para que se depuren as responsabilidades oportunas.

Que o pasado 24 de abril de 2015, dictouse PROVIDENCIA DE ALCALDÍA que dicía; “...Vista a necesidade deste Concello de realizar a obra de “Restauración Poza en área recreativa en Parada de Labiote”, obra incluída no Fondo de Compensación Ambiental 2015, é preciso efectuar a contratación dunha empresa que teña a capacidade para a súa execución. O prezo do contrato ascendería á cantidad de 17.371,26 euros, sen IVE, soportando o IVE de 3.647,96 euros, por un orzamento total de 21.919,22 euros...” “...Empresas as que se cursará invitación: 1.- Construcciones Coviatec S.L., Dirección: Coviatec S.L., Ctra de A Rañoa s/n, 32570- Maside, coviatec@coviatec.com 2.- Promociones y Construcciones Cruzval S.L., Arnoia Seca s/n, 32211 – Gomesende (Ourense), cruzvalcovelo@hotmail.com 3.- Excavaciones P. Prol S.L., Vial 2, Parcela 26, Parque empresarial, 32792 – Pereiro de Aguiar (Ourense), pedroprol@hotmail.com 4.- Construcciones M. Costa Lousado SLU, c/ Rio Barra nº 2 – bajo (esquina Rio Limia), cp 32001 – Ourense, admpon@mcosta.net...”.

Os socialistas, que están inmersos na revisión dos expedientes de tódalas obras executadas pola empresa Benigno Álvarez S.,L., actualmente ca denominación de Coviatec S.L, que ven realizando nos últimos 30 anos o 99 % das obras do concello de O Irixo, examinaron recentemente o expediente da obra sobre “Restauración Poza en área recreativa en Parada de Labiote” executadas pola empresa adxudicataria Coviatec S.L.

Revisado dito expediente do ano 2015, os socialistas visitaron as obras fai algunas semanas e comprobaron como nas obras realizadas, pagadas e recepcionadas polo concello, se pode observar que **os residuos de dita obra non foron tratados nin retirados pola empresa adxudicataria**, apesar de que no proxecto se contempla una partida para o tratamento de residuos de dita obra.


É obrigación do concello, mediante a correspondente dirección técnica, comprobar e fiscalizar que as obras foron acometidas conforme ó proxecto así como as melloras polas que se adxudicou o presente contrato á empresa COVIATEC S.L..

O concello e o seu alcalde receptionan unha obra e pagan o coste da mesma sen que se cumpla na súa totalidade pois o tratamento de residuos é obligatorio ademáis de incorrerse nun delito medioambiental do que é responsable non so a empresa adxudicataria senón o propio concello que receptiona e paga unha obra sen rematar, feito que entendemos presuntamente irregular e reprochable moral e penalmente por quen receptiona e paga unhas obras a sabendas do estado das mesmas xerando un perxuízo para o Concello e un beneficio á empresa adxudicataria.


Este é un feito máis da falta de interese e de preocupación do Sr. Alcalde e o seu equipo de goberno en velar polos intereses dos veciños e fiscalizar e administrar correctamente o diñeiro dos veciños de O Irixo.

Sería suficiente con que algún membro do equipo de goberno se preocupase de visitar as obras antes de proceder o seu pago e a súa recepción, feito éste que, á vista do denunciado, non fixeron, e eso a pesares de que o goberno ten unha nómina de 4.059,43 euros/mes, por 14 pagas ao ano, o que supón un gasto total para o Concello de 56.832,02 € por tres dedicacións parciais, para non

RADIO EN DIRECTO



COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO



ENLACE DIRECTO

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Xullo 19, 2016
23:00-05:00Despexado
21 °CMañá, Xullo 20, 2016
11:00-17:00Despexado
21 °CXullo 21, 2016
11:00-17:00Razoable
21 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

SANTA UXÍA DE LOBÁS CELEBRA A FESTA ROMARÍA DA MADANELA. PROCESIÓN DE ANTORCHAS O DIA 21 ÁS 9 DA NOITIÑA, O DIA 22 MISAS E XANTAR DE ROMARÍA NA CARBALLEIRA DA MADANELA. VERBENAS EN COSTOIA CON ACIREMA, ISRAEL, ESTELARES, D'LÍDER E TREBOL.

FESTAS DE SAN BENITO EN MOLDES - BOBORÁS, OS DIAS 11 E 12 DE XULLO. AMENIZADAS COAS GRANDES ORQUESTAS CHARLESTÓN, OLIMPUS E LA FÓRMULA. MISAS TODA A MAÑÁ NA IGREXA PARROQUIAL. NO CAMPO DA FESTA HABERÁ PULPO E COSTELA ASADA.

9º FESTA DA CABRA EN ANLLO, ODOMINGO DIA 10 DE XULLO. DEGUSTACIÓN DE CARNE DE CABRA GUÍSADA POR 8 EUROS, TAMÉN HABERÁ PULPO E OUTRAS VIANDAS, E ANIMACIÓN MUSICAL. RESERVAS NO TELÉFONO: 659 452 918.

A PARROQUIA DE MANDRÁS (CEA)

preocuparse por nada.

Existe unha clara connivencia entre o Sr. Alcalde e o seu grupo de goberno ca empresa adxudicataria á que non se lle fiscaliza correctamente os seus traballos ó concello ó tempo que presuntamente se lle beneficia...

Recordar que xa no pasado mes de outubro de 2015 os socialistas requerimos ó Sr. Alcalde e denunciamos que se pagaran as **obras de "Pavimentación vías públicas municipales"** adxudicadas a esta mesma empresa sen terse executadas en toda a súa totalidade, obras que se executaron mal despois deste requerimiento e de denunciarlo públicamente, fóra de prazo e despois de que o concello recepcionara e abonara ditas obras...

Consideramos ademáis os socialistas que nas distintas ofertas presentadas para realizar esta obra de **"Restauración Poza en área recreativa en Parada de Labiote"**, (que ademáis non se entende o nome da obra, pois non existe tal área recreativa, pois é unha poza de regadío no medio do monte), creemos que había ofertas más interesantes para o concello e para os veciños que a que presentou Coviastec S.L.

A empresa Construcciones M. Costa Lousado S.L.U presuntamente sería a mellor ou máis interesante oferta para o Concello, segundo entendemos, despois de revisar o expediente de dita obra, presentando a mellora económica más interesante e más alta sobre o proxecto, onde destaca entre outras melloras unha beirarrúa de formigón arredor de toda a poza e un cerramento perimetral de seguridade sobre a mesma, que consideramos fundamental e inescusablemente necesario por medidas de seguridade... recordemos que estamos a falar dunha poza de regadío no medio do monte, onde pode caer e afogar calquer persoa, un rapaz, un cazador, etc... non lle foi valorada ningunha mellora estética onde sí se lle valorou a empresa Coviastec S.L.; o técnico no que a mesa de contratación delegou a valoración das ofertas entendeu que Coviastec S.L. tiña unha puntuación de 3,18 puntos e M. Costa Lousado S.L.U. 3,00 puntos (o resto de empresas invitadas ó proceso xunto con Coviastec S.L. xa con moita menos puntuación e incluso unha das empresas que participou, aínda que non foi invitada, presentou alegaciones ó proceso).

Entendemos que a mesa de contratación ante a interesante oferta da empresa Construcciones M. Costa Lousado S.L.U. fronte a empresa de cabeceira do Sr. Alcalde e o seu goberno, Coviastec S.L., optaron por delegar a decisión nun informe técnico do mesmo profesional que fixo o proxecto da obra, a quien contrata e pago ó mesmo concello por orde do Sr. Alcalde...

Magoa, primeiro que non se teña invitado ás propias empresas do Concello de O Irixo, e magoa despois que se pretenda, presuntamente, cun informe técnico seguir adxudicando obras á mesma empresa a sabendas de que quizais outra oferta presentada podería ser a mellor oferta para o interese xeral.

Comunicación Grupo Municipal Socialista O Irixo

Desenrolado por coroa.es

CELEBRA AS FESTAS PATRONAIS DO 1 AO 3 DE XULLO. ACTUARÁN AS ORQUESTRAS PONTEVEDRA, CLAXXÓN, E CAPRICHO. AS PANDEREITEIRAS DE MANDRÁS E OS GAITEIROS OS ACHEGADOS.

CAMEIXA CELEBRA AS FESTAS DA VIRXEN DO ROSARIO, DO 1 AO 3 DE XULLO, CON VERBENAS AMENIZADAS POLAS ORQUESTRAS TRIBAL, CIUDAD DE VIGO, ISRAEL E A ACTUACIÓN DA EUROVISIVA LUCÍA PÉREZ.

A VILA DE LEIRO CELEBRA AS FESTAS DO PATRÓN SAN PEDRO. O DIA 29 DE XUÑO, CON MÚSICA DE BANDA E GAIETEIROS, A CORAL VAL DO AVIA E NA VERBENA AS ORQUESTRAS PLAYERS E PANAMÁ.

CHEGA A O CARBALLIÑO O ESPECTÁCULO TEATRAL-MUSICAL INFANTIL "LOS PAYASOS DE LA TELE" CON RODY ARAGÓN. SÁBADO DIA 11 DE XUÑO ÁS 18:00 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL. PREZO DA ENTRADA: 10 EUROS.

O HUMORISTA CARLOS BLANCO CLAUSURA O CICLO "CARBALLIÑO COMEDY". SÁBADO DIA 4 DE XUÑO ÁS 21 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CARBALLIÑO.

FESTA DO VIÑO TINTO DE CENLLE E RUTA DAS ADEGAS, OS DIAS 4 E 5 DE XUÑO. SERVIZO DE LUDOTECA INFANTIL POR 5 EUROS -CON MENÚ INFANTIL INCLUIDO- DAS 12 ÁS 17 HORAS DO DOMINGO

A COMPAÑÍA REDRUM TEATRO PRESENTA NO CARBALLIÑO A COMEDIA "NOITEBOA". SÁBADO 29 DE MAIO ÁS 18:30 HORAS NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

